



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 1 DE AGOSTO DE 2013

LICENZAS

LIC/355/2013.- IRIA MARIA LEÓN SANZ.- Conceder licenza para construción de vivenda nas parcelas V 1.2 no SUNP-5 de A Muíña.

LIC/382/2012.- COMUNIDAD DE BIENES HERMANOS FRADE RENDO.- Conceder licenza para rehabilitación de edificio na rúa de Casas Reais, 38.

PARCELACIÓNS/SEGREGACIÓNS

LIC/924/2013.- MILAGROS UZAL SALVADO.- Licenza de segregación no lugar da Sionlla.

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse as propostas de baixa de prestacións económicas municipais (MAPIS).

5.- Aprobación de Proxecto de execución de "Acceso zonas altas da Almaciga. Ámbito das rúas Basquiños - Pastoriza".

Apróbase o referido proxecto, cun orzamento base de 455.224,63 euros máis IVE, cun prazo de execución das obras de seis meses. Este proxecto está incluído na área número 7 (Accesibilidade e mobilidade), do programa Urbana Santiago Norte.

6.- Adxudicación do Servizo de mantemento integral da infraestrutura da rede de telecomunicacións do Concello de Santiago.

Adxudícase o devandito contrato á empresa ACUNTIA, S.A., por un importe de 35.631,02 euros (IVE incluído). O reparto por anualidades, IVE incluído, será o seguinte: anualidade 2013, 16.330,88 euros; anualidade 2014, 35.631,02 euros; anualidade 2015, 19.300,14 euros.

7.- Prórroga do contrato de Aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais.

Apróbase a prórroga polo prazo de 1 ano, a contar dende o 15 de xuño de 2013 ata o 14 de xuño de 2014.

8.- Prórroga do contrato de Aluguer do local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais.

Apróbase a prórroga polo prazo de 1 ano, a contar dende o 15 de xuño de 2013 ata o 14 de xuño de 2014.

9.- Recurso de reposición interposto no expediente de contratación das Obras de escavación arqueolóxica e restauración do Castelo de A Rocha Forte (Santiago de Compostela).

Acórdase estimar parcialmente o devandito recurso, interposto o 12 de xullo de 2013 pola mercantil Proycoga, S.A. contra o acordo de adxudicación das citadas obras, no sentido de engadir 0,25 puntos á puntuación final outorgada á citada mercantil no apartado "B.5 Equipo técnico", acadando nese apartado a puntuación máxima de 10 puntos, sen que esta revisión supoña modificación algunha na posición final da empresa con respecto ás restantes propostas. Desestímase o recurso no referente ás restantes cuestións formuladas.

10.- Aprobación do proxecto de liquidación das obras de Reforzo do firme en San Marcos, obras incluídas no POS Adicional 1/2011 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Apróbase o proxecto de liquidacións das devanditas obras.

11.- Recurso especial en materia de contratación interposto contra o prego regulador da licitación do servizo de asistencia xurídica ao Concello de Santiago.

Desestímase o devandito recurso no que se refire ás argumentacións relativa á “presunta imposibilidade do cumprimento do contrato por carencia de prescricións técnicas” e á ausencia da mención aos criterios obxectivos no anuncio inserido no BOP. Ademais, estímase o recurso no referente ao apartado melloras, no referente á necesidade de ofrecer un curso de formación homologado pola Xunta de Galicia. Polo tanto, débese someter o expediente á Xunta de Goberno cuns novos pregos adaptados a estas circunstancias e recollendo as consideracións contidas no informe da Asesoría Xurídica Municipal.

12.- Proposta da concelleira delegada e do xefe do departamento de Xuventude relativa á aprobación da realización do programa de lecer e tempo libre "Aventúrate nas fins de semana".

Apróbase a realización do devandito programa, que ten como obxectivo ofrecer unha oferta alternativa de lecer e tempo libre nas fins de semana para os mozos e mozas composteláns. A actividade, que terá lugar nas dependencias do Centro Xuvenil Don Bosco, consistirá na práctica de deportes de aventura como escalada, paintball, tiro con arco, carreiras de orientación... O orzamento é de 2.863,85 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada e do xefe do departamento de Xuventude relativa á aprobación da realización do programa de Intercambio Lingüístico.

Apróbase a realización do devandito programa en colaboración coa Universidade de Santiago. Trátase dunha actividade práctica a través da conversa con outras persoas con similares intereses. As actividades terán lugar ao longo do último trimestre do ano e o punto de encontro inicial será o Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal do Ensanche. O orzamento da actividade é de 721,03 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención para o programa "Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas do Concello de Santiago de Compostela".

Acórdase solicitar subvención para o devandito programa de acordo á Orde do 11 de xullo de 2013, DOG nº 132.

15.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á corrección de erros no acordo de aprobación definitiva e aprobación do documento refundido do Proxecto de Reparcelación da AE-1 do PERI de Concheiros.

Procédese a rectificar os erros aritméticos detectados no acordo da Xunta de Goberno do 26 de decembro de 2005 sobre a aprobación definitiva da reparcelación da AE-1 do PERI de Concheiros e a aprobar o documento refundido da reparcelación do devandito PERI presentado por Predios Gallegos S.L. con data 23 de xullo de 2013.

16.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Deputación Provincial da Coruña.

Dáse conta da concesión dunha subvención de 31.066,88 euros para a realización dun congreso sobre a violencia de xénero e dunhas xornadas formativas complementarias.

URXENCIAS

1.- Apróbanse as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial do Concello de Santiago 2013, así como un gasto para as mesmas por importe de 40.231,80 euros.

2.- Apróbase a liquidación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa Autos Carballo S.L (liña entre Santiago e A Peregrina-Ponte Albar). correspondente ao ano 2012. Fíxase o prezo do km percorrido para o ano 2012 en 2,194052 € x km, e establécese en 74.558 os quilómetros percorridos durante 2012.

3.- Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2013, co obxectivo de axudar aos clubs deportivos con participación en competicións de ámbito federativo e cuxas actividades teñen un carácter continuado segundo a temporada oficial. O importe total do gasto é de 180.000 euros. As subvencións serán concedidas en réxime de concorrencia competitiva.

4. Apróbanse os proxectos e iníciense os procedementos de contratación das seguintes obras, correspondentes ao POS 2013: melloras de acondicionamento e mellora de vieiros en Frades-A

Barciela (39.734,65 euros máis IVE), Marantes (48.372,58 euros máis IVE), Bando (36.224,12 euros máis IVE), Eixo-San Cristovo (29.314,59 euros máis IVE), O Castro-Bando (33.667,82 euros) e Sabugueira (86.077,77 euros); e mellora da rede de saneamento na Silvouta (33.352,75 euros).

5.- Dáse conta da sinatura do convenio entre a Fundación Eugenio Granell e o Concello de Santiago, pola que a primeira recibirá unha subvención de 126.000 euros.

6.- Apróbase o expediente de contratación do Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela, durante os cursos escolares 2013-2014 e 2014-2015. Apróbase igualmente o gasto, financiado coa achega económica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por importe de 126.112,50 euros, coas anualidades seguintes: 2013, 19.950 €; 2014, 63.056,25 €; 2015, 43.106,25 €. Establécese un tipo de licitación de 5,19 euros/comensal/día de prezo do menú, IVE aparte (10%= 0,51 €).

7.- Adxudícanse as obras do estanque da Alameda.

8.- Adxudícanse as obras de reforma da pista polideportiva do parque Pablo Iglesias a HPC Ibérica, por importe de 32.241,12 euros máis IVE e un prazo de execución de tres mes.

9.- Apróbase o convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago para o financiamento do plan de competitividade turística 2013, encomendado a Incolsa. A Deputación achega 115.000 euros do total de 143.750 euros.

10.- Apróbase o modificado do proxecto de colocación de céspede transitable nas rúas García Lorca e Celso Emilio Ferreiro para dar cabida a máis vehículos. O importe do proxecto é de 64.969,31 euros.